

Nota Sectorial

Normativa de Etiquetaxe para Alimentos e Bebidas non alcohólicas en México



Esta Nota sectorial foi elaborada por
José Ares López

Baixo a supervisión da Antena Igape México

Febreiro 2022



EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE: A información e os contidos incluídos neste documento non teñen carácter vinculante, pois se trata dun servizo ofrecido cun carácter informativo e divulgativo. Tampouco representan a opinión da Antena Igape México, que non se responsabiliza do uso que poida facerse deles .

Índice de contidos

1. Introducción.....	5
2. Normativa sobre a etiquetaxe da alimentos e bebidas non alcohólicas	6
2.1 Obxectivo da norma e ámbito da aplicación.....	6
2.2 Especificacións. Requisitos xerais da etiquetaxe.....	6
2.3 Novos requisitos da etiquetaxe frontal	11
3. Verificación da cumprimento da regulación sobre etiquetaxe.....	14

1. Introducción

A comercialización de alimentos e bebidas non alcohólicas en México demanda o cumprimento dunha serie de requisitos que varían segundo o produto do que se trate e a normativa que lle resulte de aplicación.

Entre estes requisitos é importante destacar os relacionados co etiquetaxe, regulados nunha normativa que data do ano 2010 e que foi recentemente obxecto de modificación para incluír novas esixencias relacionadas fundamentalmente coa [información nutricional](#).

Estas modificacións xorde nalgúns países como unha forma de concienciación na loita contra o sobrepeso e a obesidade, de forma que permita facer unha cesta da compra cunha maior información e concienciación.

Se ben estas normas non están estandarizadas a nivel global, no contexto do comercio internacional significa que as empresas galegas deben de coñecer os requisitos de cada país e adaptar o embalaxe dos seus produtos. O cal supón un esforzo de tempo e recursos para éstas.

Por isto, o obxectivo desta nota é que as empresas galegas que queiran comercializar alimentos e bebidas non alcohólicas en México teñan unha guía de referencia, aunque é aconsellable que se apoie xunto ca normativa oficial nesta materia.

A normativa de referencia é a **NOM-051-SCFI/SSA1-2010 (NOM 051)**. Promulgada pola Secretaría de Economía, a través da Procuraduría Federal do Consumidor (**PROFECO**) e a Secretaría de Saúde, a través da Comisión Federal para a Protección contra Riscos Sanitarios (**COFEPRIS**), establece a información comercial e sanitaria que se debe incluír no etiquetado e determina as características de dita información.

2. Normativa sobre o etiquetaxe de alimentos e bebidas non alcohólicas

2.1 Obxectivo da norma e ámbito de aplicación

A **NOM-051-SCFI/SSA1-2010 (NOM 051)** recolle como obxectivo establecer a información comercial e sanitaria que debe conter o etiquetado do produto preenvasado destinado ó consumidor final, de fabricación nacional ou extranxeira, que se vaia a comercializar en territorio mexicano, así como determinar as características de dita información e establecer un sistema de etiquetaxe frontal, o cal debe advertir de forma clara e veraz sobre o contido de nutrientes críticos e ingredientes que representan riscos para a súa saúde nun consumo excesivo.

A NOM 051 e súa modificación aplicase a todos os alimentos e bebidas non alcohólicas excluídos os seguintes casos:

- Os alimentos e as bebidas non alcohólicas preenvasados que estén suxeitos a disposicións de información comercial e sanitaria contidas en Normas Oficiais Mexicanas específicas e que non inclúan como referencia normativa a esta Norma Oficial Mexicana, ou nalgunha outra regulamentación federal vixente que explicitamente exclúa do seu cumprimento ó presente ordenamento (La NOM 051)
- Os alimentos e as bebidas non alcohólicas a granel
- Os alimentos e as bebidas non alcohólicas envasados en punto de venta
- Os demais produtos que determine a autoridade competente, conforme a súas atribucións.

2.2 Especificacións. Requisitos xerais do etiquetaxe

A información contida nas etiquetas dos alimentos e bebidas non alcohólicas preenvasados debe ser veraz e describirse e presentarse de forma tal que non induzca a error ao consumidor con respecto á natureza e características do produto no momento da compra. A información sempre deberá ir en español sen perxucio de que poida utilizarse un idioma adicional.

Son requisitos obrigatorios de información sanitaria e comercial no etiquetaxe os seguintes:

- O **nome ou a denominación do produto** preenvasado debe corresponder ca establecida nos ordenamentos xurídicos específicos; en ausencia destes, pode indicarse o nome de uso común, ou ben, emplearse unha descrición de acordo cas características básicas da composición e natureza do alimento ou bebida non alcohólica preenvasado, que non induzca a error ou engano ao consumidor.
- A **lista de ingredientes** que deberá de ir encabezada co termo “ingredientes” e deben enumerarse por orden cuantitativo decrecente (m/m). Non é necesaria naqueles produtos con un solo ingrediente. Para información máis detallada poden consultar:

- A NOM 051: [Norma Oficial Mexicana NOM-051-SCFI/SSA1-2010, Especificaciones generales de etiquetado para alimentos y bebidas no alcohólicas preenvasados-Información comercial y sanitaria \(dof.gob.mx\)](https://www.dof.gob.mx/normasOficiales/8150/seeco11_C/seeco11_C.html)
- Súa modificación
http://www.dof.gob.mx/normasOficiales/8150/seeco11_C/seeco11_C.html
- O **contido neto** e cando aplique, a **masa drenada** en unidades do Sistema Xeral de Unidades de Medida de conformidade ao que establece a NOM-030-SCFI-2006¹, independentemente de que tamén poida expresarse noutras unidades.
- **Nome, denominación ou razón social e domicilio fiscal** do responsable do produto. Para produtos importados, esta información poderá incorporarse en territorio nacional, despois do despacho aduaneiro e sempre antes da comercialización do produto.
- O **País de Orixe** debe estar identificado mediante as lendas: "Feito en..."; "Produto de ..."; "Fabricado en ...", ou outras análogas, seguida do país de orixe do produto. Permítese o uso de xentilicios e outros termos análogos, sempre e cando sexan precisos e non induzcan a erro en canto ao orixe do produto. Por exemplo: "Produto español", "Produto estadounidense", entre outros.
- **Identificación do lote:** deberá marcarse de forma indeleble e permanente en cada envase. A clave do lote debe ser precedida por calquera das seguintes indicacións: "LOTE", "Lot", "L", "Lote", "lote", "lot", "l", "lt", "LT", "LOT", ou ben incluír unha referencia ó lugar onde aparece.
- A **data de caducidade ou de consumo preferente** salvo que se especifique nalguna norma específica, deberá conter o seguinte:
 - O día e o mes para os produtos de duración máxima de tres meses
 - O mes e o ano para produtos de duración superior a tres meses

A data de caducidade debe ir precedida dalgunha das seguintes lendas: "Data de caducidade ____", "Caducidade ____", "Data Cad ____", CAD, Cad, cad, Data de expiración, Expira, Exp, EXP, exp, Data de vencemento, Vencemento.

A data de consumo preferente debe ir precedida dalgunha das seguintes lendas: "Consumir preferentemente antes do____", "Cons. Pref. antes do ____". e "Cons Pref".

Se para que se cumpla a data de caducidade especificada no envase se require que se cumpla algunha condición especial, esta tamén debe de ser especificada. Por exemplo: "mantéñase en refrixeración"; "consérvese en conxelación"; "unha vez desconxelado non deberá volveuse a

¹ https://www.dof.gob.mx/nota_detalle.php?codigo=4936602&fecha=06/11/2006

conxelar"; "una vez aberto, consérvese en refrixeración", ou outras análogas.

Esto último, non é necesario para produtos como son: vinagre, sal de calidade alimentaria, azúcar sólido, produtos de confitería consistentes en azúcares aromatizados e/ou coloreados e a goma de mascar.

- A **declaración nutricional** na etiqueta dos produtos preenvasados é obligatoria. E débese de declarar o seguinte:
 - O contido enerxético debe expresarse en kJ (kcal) por 100 g, ou por 100 ml, ou por porción en envases que conteñan varias porcións, ou por envase cuando conteña só unha porción.
 - A cantidade de proteínas.
 - A cantidade de hidratos de carbono ou carbohidratos disponibles, indicando a cantidade correspondente de azúcar. Cando se faga unha declaración específica de propiedades referente á cantidade ou tipo de hidrato de carbono, poden indicarse tamén as cantidades de almidón e, ou no seu caso, de outros tipos de hidratos de carbono.
 - A cantidade de grasas ou lípidos, especificando a cantidade que se corresponde a grasas saturadas. Cando se faga unha declaración de propiedades con respecto á cantidade ou ao tipo de grasas ou a cantidade de colesterol deben declararse as cantidades de: grasas monoinsaturadas, grasas poliinsaturadas e colesterol.

A declaración sobre a cantidade de proteínas, hidratos de carbono (carbohidratos), lípidos (grasas), e sodio que conteñen os alimentos e bebidas non alcohólicas preenvasados debe expresarse en unidades de medida por 100 g ou por 100 mL ou por porción ou por envase, si éste contén só unha porción.

- A cantidade de fibra dietética.
- A cantidade de sodio
- A cantidade de calquera outro nutriemento do cal se faga unha declaración de propiedades.
- A cantidade de calquera outro nutriemento que se considere importante, regulado polos ordenamentos xurídicos aplicables.

A declaración numérica sobre vitaminas e nutrientes inorgánicos (minerais) debe expresarse en unidades de medida por 100 g ou por 100 mL ou en porcentaxe dos valores nutricionais de referencia por porción. Adicionalmente pódese declarar por porción en envases que conteñan varias porcións, ou por envase cuando conteña só unha porción.

- Deben declararse todos aqueles ingredientes ou aditivos que poden causar hipersensibilidade, intolerancia ou alerxia, de conformidade cos ordenamentos xurídicos correspondentes.²

A continuación, na tabla 1 móstrase a inxesta diaria suxerida e inxesta diaria recomendada, para a poboación mexicana, recollidas na NOM-51.

Táboa 1. Valores nutritmentales de referencia ponderados para la poboación mexicana

Nutrimento/unidade de medida	Valor Nutricional Recomendado (VNR)	
	Inxesta Diaria Recomendada (IDR)	Inxesta Diaria Suxerida (IDS)
Proteína g/kg de peso corporal	1	
Fibra dietética g	30	
Vitamina A µg (equivalentes de retinol)		568
Vitamina B1 µg		800
Vitamina B2 µg		840
Vitamina B6 µg		930
Niacina mg		11
Ácido fólico µg		380
Vitamina B12 µg		2,1
Vitamina C mg	60	
Vitamina D µg (como colecalciferol)		10
Vitamina E mg (equivalente a tocoferol)		11
Vitamina K. µg		78
Acido pantoténico mg		4
Calcio mg		900
Cobre µg		650
Cromo µg		22
Flúor mg		2,2
Fósforo mg	664	
Ferro mg		17
Magnesio mg		248
Selenio µg		41
Iodo µg		150
Zinc mg		10

Fonte: Modificación de la NOM-051-SCFI/SSA1-2010, https://www.dof.gob.mx/2020/SEECO/NOM_051.pdf

² Introducido na modificación da NOM 051 en 2020, consultar apartado 4.2.2.2.3:
http://www.dof.gob.mx/normasOficiales/8150/seeco11_C/seeco11_C.html

A seguinte tabla resume os ingredientes, forma, unidades e sistema de redondeo que deben emplearse para reflexar a información nutrimental no etiquetaxe.

Táboa 2. Formatos para presentar información nutrimental

Información nutrimental	Por 100g ou 100 ml, ou por porción ou por envase	Parámetro de redondeo
Contido enerxético kJ (kcal)*	_____ kcal (kJ)	< 5 kcal-reportar 0 < 50 kcal-expresar en múltiplos de 5 kcal > 50 kcal-expresar en múltiplos de 10 kcal
Proteínas	_____ g	< 0.5 g-reportar 0 < 1 g-reportar "contén menos de 1 g" ou "menos de 1 g" o > 1 g redondear ao enteiro máis cercano
Grasas totais Grasas saturadas	_____ g	< 0.5 g-reportar 0 < 5 g-expresar en múltiplos de 0.5 g ≥ 5 g-redondear ao enteiro máis cercano
Grasas trans Colesterol	_____ mg	< 2 mg-reportar 0 2 a 5 mg-reportar "menos de 5 mg" > 5 mg-expresar en múltiplos de 5 mg
Hidratos de carbono disponibles Azucres Azucres engadidos	_____ g	< 0.5 g – reportar 0 g-reportar "contén menos de 1 g" o "menos de 1 g" > 1 g redondear al entero más cercano
Fibra dietética		
Sodio	_____ mg	< 5 mg-reportar 0 5 mg a 140 mg – expresar en múltiplos de 5 mg > 140 mg – expresar en múltiplos de 10 mg
Información adicional** Vitaminas e minerais	_____ mg, µg o % de VNR	Expressar en porcentaxe do VNR < 5 % del VNR- non se reporta 5% a 10 % del VNR-expresar en múltiplos de 2 % > 10 % a 50 % del VNR-expresar en múltiplos de 5% > 50 % de VNR-expresar en múltiplos de 10 %

*De conformidade ao 4.5.2.4.2 estacdeclaración debe facerse tamén por contido total do envase

** Para vitaminas e minerais en caso de porcentaxe de VNR debe facerse por porción

Fonte: Modificación de la NOM-051-SCFI/SSA1-2010, https://www.dof.gob.mx/2020/SEECO/NOM_051.pdf

- Na etiqueta dos produtos preenvasados poden **incluirse sellos ou lendas de recomendación ou recoñecemento**³ por organizacións ou asociacións profesionais cando presenten a documentación apropiada que soporte con evidencia científica, obxetiva e fehaciente, a avaliación do produto dacordo co establecido no artigo 32 da Ley Federal de Protección ao Consumidor.

Os produtos que non leven nin sellos nin lendas poderán incluír a frase "Este produto non contén sellos nin lendas" e non deben utilizar elementos gráficos ou descritivos alusivos aos mesmos. A declaración debe ser colocada na superficie de información e, súa tipografía e tamaño debe ser igual ou menor ó tamaño mínimo cuantitativo do contido neto conforme á NOM-030-SCFI-2006.

- Os produtos preenvasados que ostenten un ou máis sellos de advertencia ou a lenda de edulcorantes, non deben:
 - Incluir na etiqueta personaxes infantís, animacións, debuxos animados, celebridades, deportistas ou mascotas, elementos interactivos, tales como, xogos visual – espaciais ou descargas dixitais, que, estando dirixidos a nenos, inciten, promovan ou fomenten o consumo, compra ou elección de produtos con exceso de nutrientes críticos ou con edulcorantes, e
 - Facer referencia na etiqueta a elementos alleos ó mesmo caso as mesmas finalidades do parágrafo anterior.

Productos exceptuados da obrigación de declarar a información nutricional: produtos cun so ingrediente (por ex. azúcar, mel, sal iodada, sal iodada fluorada, ou fariñas de cereal), herbas, especias ou mezcla delas, extractos de café, grans de café enteiros ou molidos descafeinados ou non, infusións de herbas, té descafeinado ou non, instantáneo e/ou soluble que non conteñan ingredientes añadidos, vinagres fermentados e sucedáneos, e augas purificadas embotelladas, augas minerais naturais. Quedan exentos os aceites vexetais como o aceite de oliva, as grasas vexetais ou animais.

2.3 Novos requisitos do etiquetaxe frontal

Como xa se comentou anteriormente, no 2020 a NOM 051 foi modificada para introducir novos requisitos obrigatorios, os cales se detallarán na medida do posible nas seguintes liñas.

Estas modificacións refírense fundamentalmente ao etiquetaxe frontal nutricional e en especial ao emprego de sellos informativos nutricionais, lendas precautorias e á forma en que deben declararse

³ Introducido en la modificación de la NOM 051 en 2020, consultar apartado 4.1.4:
http://www.dof.gob.mx/normasOficiales/8150/seeco11_C/seeco11_C.html

as propiedades nutrimentais e condicións que lles aplica. A entrada en vigor destes novos requisitos programouse en varias fases para permitir ós operadores que poidan adaptar os etiquetados dos seus produtos de forma progresiva.

COFEPRIS editou a **Guía para responsables dos produtos suxeitos á modificación da NOM - 051⁴**, e o **Manual da MODIFICACIÓN á Norma Oficial Mexicana NOM-051- SCFI/SSA1-2010⁵**. Dado o calado e a tremenda importancia de cumprir adecuadamente cos novos requisitos de etiquetaxe, recoméndase a lectura de ambos documentos, posto que veñen ilustrados con exemplos de cómo reflexar os sellos e lendas correctamente.

A continuación, resúmense as principais modificacións e as diferentes fases de aplicación:

- **Fase 1:** Desde o 1 de outubro do 2020 ao 30 de setembro de 2023, e na cal prevíronse á súa vez dúas fases:
 - **A partir do 1 de outubro de 2020:** todas as etiquetas deben presentar no seu etiquetaxe frontal o/os sellos informativos que sexan necesarios, se o produto presenta un exceso de calorías, grasas saturadas, grasas trans, azucre ou sodio. Asimesmo, deberá indicarse a presenza de edulcorantes e cafeína se o produto os contén. Os sellos e lendas precautorias deben responder ó seguinte formato:



Durante esta primeira fase, os sellos poden reflexarse no etiquetaxe mediante stickers de modo que unha única pegatina conteña a imaxe de todos os sellos necesarios. A norma regula o aspecto e tamaño dos sellos, e prevé algunhas particularidades para produtos con superficie de envase moi limitada ou pequena, por isto recoméndase facer uso das guías mencionadas anteriormente. Para saber si un produto debe levar sello informativo, deben seguirse os criterios reflexados na seguinte táboa:

⁴ Guía: https://www.gob.mx/cms/uploads/attachment/file/666912/Gu_a_-_Sujetos_regulados_10.0.pdf

⁵ Manual: [MANUAL NOM051_v16.pdf \(www.gob.mx\)](http://www.gob.mx)

Táboa 3. Perfís nutricionais e criterios para o uso obrigatorio de sellos informativos na primeira fase

	Energía	Azúcares	Grasas saturadas	Grasas trans	Sodio
Sólidos en 100g de produto	≥ 275 kcal totales	≥ 10% del total de enerxía proveniente de azúcares libres. Se exceptúan de sellos las bebidas con <10 kcal de azúcares libres	≥ 10% del total de enerxía proveniente de grasas saturadas	≥ 1% del total de enerxía proveniente de grasas trans	≥ 350 mg Bebidas sin calorías: ≥ 45 mg
Líquidos en 100 mL de produto	≥ 70 kcal totales o ≥ 10 kcal de azúcares libres				
Leyenda a usar	EXCESO CALORÍAS	EXCESO AZÚCARES	EXCESO GRASAS SATURADAS	EXCESO GRASAS TRANS	EXCESO SODIO

Fonte: Modificación da NOM-051-SCFI/SSA1-2010, https://www.dof.gob.mx/2020/SEECO/NOM_051.pdf

- **A partir do 1 de abril do 2021**, deberá incorporarse no etiquetaxe o resto de información esixida pola modificación do 2020 da NOM 51. Estes requisitos son:
 - Correcta declaración nutricional e correcta declaración de ingredientes
 - Declaración de azucres engadidos
 - Declaración de alérxenos

Nesta fase siguen sendo de aplicación os criterios que reflexa a táboa 3.

- **Fase 2:** Desde o 1 de outubro do 2023 ao 30 de setembro de 2025

Nesta fase, o cálculo e avaliación da información nutricional complementaria se realizará cos seguintes criterios e valores:

- Nutrimentos críticos engadidos ao alimento ou bebida non alcohólica preenvasado:
 - A.** Si se agregan azucres engadidos, se deberán evaluar azucres e calorías
 - B.** Si se agregan grasas, se deberán evaluar grasas saturadas, grasas trans e calorías
 - C.** Si se agrega sodio, só se deberá evaluar sodio

O emprego de sellos informativos se realizará de conformidade cos perfís nutrimentais recollidos na seguinte táboa, que son máis estrictos que os aplicados na fase 1.

Táboa 4. Perfís nutrimentais e criterios para o uso obligatorio de sellos informativos na segunda fase

	Energía	Azúcares	Grasas saturadas	Grasas trans	Sodio
Sólidos en 100g de produto	≥ 275 kcal totales	≥ 10% del total de energía proveniente de azúcares libres	≥ 10% del total de energía proveniente de grasas saturadas	≥ 1% del total de energía proveniente de grasas trans	≥ 1 mg de sodio por kcal o ≥ 300 mg
Líquidos en 100 mL de produto	≥ 70 kcal totales o ≥ 8 kcal de azúcares libres				Bebidas sin calorías: ≥ 45 mg de sodio
Leyenda a usar	EXCESO CALORÍAS	EXCESO AZÚCARES	EXCESO GRASAS SATURADAS	EXCESO GRASAS TRANS	EXCESO SODIO

Fonte: Modificación de la NOM-051-SCFI/SSA1-2010, https://www.dof.gob.mx/2020/SEECO/NOM_051.pdf

- **Fase 3:** A partir do 1 de outubro de 2025.

A partir do 1 de outubro de 2025 se esixe o cumprimento íntegro da norma. Nesta fase o cálculo e avaliación da información nutrimental complementaria realizarase aplicando íntegramente as disposicións contidas nos incisos 4.5.3, así como na Tabla 4 reflexada na fase 2.

3. Verificación do cumprimento da regulación sobre etiquetaxe.

A verificación do cumprimento dos requisitos de etiquetaxe é feita polas Unidades de Inspección Comercial.

As Unidades de Inspección Comercial, son entidades/empresas privadas acreditadas pola Entidade Mexicana de acreditación (EMA) e que contan ca aprobación da Dirección Xeral de Normas (DGN) para desempeñar a función de inspección da información comercial dos produtos importados e nacionais que se comercialicen dentro do territorio nacional en cumprimento cas Normas Oficiais Mexicanas vixentes e que tamén ofrecen asesoramento sobre cómo deseñar as etiquetas para que se axusten á normativa. Na páxina web da EMA pódense consultar qué empresas actúan como

Unidades de Inspección Comercial⁶

O etiquetaxe de produtos importados é controlado con bastante rigor e é frecuente que se produzan inconvenientes, como a imposibilidade de importar, a necesidade de reacondicionar a mercancía, devolución ou incluso multas por incumprimentos. Por isto, recoméndase asegurarse con carácter previo á importación, que a etiqueta cumpra con todo o disposto na lexislación.

4. Empresas galegas con presenza en México que cumpren ca nova norma de etiquetado:

- Conservas Palacio de Oriente (www.palaciodeorienten.net/)
A conserveira en activo máis antiga de España. Expertos en bonito do norte, atún e mexillóns das Rías Galegas.
- Conservas Vigilante (www.conservasvigilante.com/)
Desde 1890 ofrece conservas de pescados e mariscos da máis alta calidade.
- Conservas Cabo de Peñas (www.connorsa.es/)
Conservas de pescado e marisco co compromiso ca calidade e a mellora constante.
- Torre de Núñez (www.torredenunez.com/en/)
Dedicados á elaboración de produtos cárnicos desde fai máis de 50 anos.
- Coren (www.coren.es)
Grupo líder, un referente nos mercados de avicultura, porcino e vacuno. Seus principais produtos de exportación son porcino, polo, vacuno, pavo, pato, ovo, xamóns e paletas, embutidos, conservas cárnicas e envasados.
- Orballo (<https://orballo.eu/categoria-producto/infusiones/>)
Produtos 100% ecolóxicos da mellor calidade, cultivan e desenvolven produtos responsables ca Terra e os seus habitantes. Primeira plantación de té certificada ecolóxica en Europa.

⁶ <http://catalogo.consultaema.mx:75/busqueda-unidades-inspeccion>